



**NARÓN**

## **MOCIÓN PARA PROTOCOLO CONCELLO LIMPEZA DE PINTADAS E SÍMBOLOS QUE INCITAN AO ODIO**

**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

Desde hai uns anos atopamos en distintos puntos do noso concello, en paredes de muros e mesmo edificios ou casas abandonadas, pintadas de ultradereita e/ou xenófobas cunha simboloxía que o único que fan é incitar ao odio, cousa que representa un delito. Símbolos que representan o racismo na súa máxima expresión, invocan a unha tiranía dos que se consideran os pobos superiores e unha intimidación contra as minorías. Persoas ou asociacións pola súa conta van borrando algunhas en diferentes barrios pero outros de difícil acceso pero á vista de moita xente seguen mostrando un concello que non somos. Narón é unha cidade tolerante onde convivimos todas as persoas de maneira cívica e imaxes como as que hoxe mostran algunhas paredes non teñen cabida.

No ano 2022, este grupo municipal xa denunciara estas pintadas que se atopan tanto en espazos públicos coma privados e por todos os barrios: muros en Xuvia, en distintos edificios, vivendas privadas na Solaina... e todas en zonas de gran visibilidade. O noso deber, como administración pública mais achegada á veciñanza, é mostrar que é intolerábel que unha ou un grupo de persoas inciten o odio mais na sociedade actual onde mensaxes de todo tipo chegan de maneira masiva á poboación máis nova a través de *fakenews*, nun mundo onde xa todos somos emisores e receptores das mensaxes e se espallan a gran velocidade. Traballar por un concello amábel e tolerante tamén significa avanzar neste traballo.

**Por todo isto sometemos a debate e aprobación en Pleno dos seguintes ACORDOS:**

1. Seguimento e elaboración dun informe único por parte da Policía local para detectar pintadas e emitir requerimentos aos propietarios de inmobles privados afectados, así como requerir ao concello a limpeza de inmobles públicos das pintadas ou colantes que inciten ao odio.

2. Instar ás autoridades competentes a facer unha investigación sobre os causantes da pintada, abrir un expediente para a execución dos traballos necesarios para eliminar as mesmas facendo responsábeis ás persoas que realizaron ditas pintadas. En caso de non localizar aos responsábeis, que o concello procure a eliminación das mesmas ou concertar un acordo cos propietarios.

Narón, 19 de maio de 2025

**Asdo: Olaida Ledo López.**

Portavoz Municipal do BNG de Narón.